A Memoria das **MULLERES**

Señorita Carmiña

María del Carmen del Valle del Río

(Cádiz, 1915-Lérez, 1998)

Señorita Carmiña

María del Carmen del Valle del Río

(Cádiz, 1915-Lérez, 1998)

María del Carmen del Valle del Río foi e é coñecida como a *Señorita Carmiña.* En Lérez e Cerponzóns, onde viviu boa parte da súa vida, recórdana como unha muller boa e seria, cun físico esvelto e case sempre acompañada dunha bicicleta engalanada con fitas de cores, peles de animais e bandeiriñas. *"Era unha figura que chamaba a atención" (Miña).*

Durante máis de 15 anos impartiu clases particulares a nenos e nenas en Pidre (Cerponzóns), creando entre eles e elas unha fascinación alimentada pola súa personalidade, unha aparencia física inusual e polo mundo que construíra arredor dela.

María del Carmen del Valle del Río naceu en 1915 en Cádiz. A súa nai era María del Río e o seu pai un comandante francés chamado José del Valle Gautier. Moi pequena quedou orfa e veu vivir a Lérez co seu tío materno, Don Leandro del Río Carnota, crego da parroquia de San Salvador.

A súa infancia e a adolescencia discorreron no mosteiro de Lérez entre imaxes relixiosas, escudos e armaduras militares da familia. Aquí tivo compañeiros de xogos, dous dos fillos de Don Leandro. El, malia ser párroco, exerceu de pai para o seu fillo e fillas e tamén para a súa sobriña. Iso fixo que entre a veciñanza se pensara que Carmiña era tamén descendente de Don Leandro.

Fóra dos canons do Franquismo

Carmiña medrou e comezou a vestir dun xeito que a diferenciaba das demais mulleres da época. *"Extravagante", "pintorreadita", "moi arranxada", "adiantada ao seu tempo",* así a recordan. Usaba pantalóns axustados —gostaba moito duns vermellos—, botas altas militares e unha chaqueta ou unha camisa. Levaba o cabelo moi curto, ao *garçon,* cortado por ela mesma. Nos ollos debuxaba unha raia longa, ao estilo de Liz Taylor cando fixo de Cleopatra. Na man levaba un anel grande con forma de serpe que a acompañou até o final dos seus días e nos beizos, cigarros —ademais dalgunha que outra palabra groseira—.

Esta aparencia e forma coa que ela quixo distinguirse foi recoñecida pola xente, que deu en empregar a expresión *Señorita Carmiña* para referirse a calquera muller que puidera recordar fisicamente a ela. De feito, aínda hoxe en Cerponzóns se emprega este símil.

Ademais da súa estética pouco ou nada común, ela estivo fóra dos canons de conduta do franquismo debido á súa orientación sexual. Contan que tivo unha moza de Couso, Lérez, pero que ela a abandonou para casar cun rapaz. Isto afectou emocionalmente a Carmiña, quen aínda así non se dobregou nin resignou a ter a vida doméstica e patriarcal que se esperaba dunha muller da súa época. Sábese, pola contra, que algún home *"foi a xunto dela, e ela sacou a escopeta, pegou dous tiros ao aire e o outro saíu correndo" (Juan José).*

Ser fiel a ela mesma, manter a súa identidade e liberdade, custoulle ser o centro de miradas e de críticas por parte dalgunha xente, que incluso chegou a dicir que estaba tola. Pode que este distanciamento social a levara a conectar dun xeito especial cos animais, coa natureza e cos máis pequenos e pequenas, máis libres de prexuízos.

Arredor de 1960 marchou vivir a Cerponzóns, onde alugou unha casa en Pidre. Alí comezou a dar clases particulares coas que gañaba uns poucos cartos que sumaba a unha pequena pensión que recibía polo seu pai.

Axeitou esta nova casa, como a ela mesma: luminosa e vistosa por fóra, escura e intricada por dentro. Pintou as pedras da fachada, unha de cada cor; vermellos, azuis, amarelos, verdes... No patín debuxou círculos concéntricos de amarelos e azuis, con liñas saíntes a modo de raios de sol.

Debaixo das canellas de auga tamén fixo formas xeométricas, esta vez triangulares. Non quedaba un recuncho por pintar.

Por dentro a casa era escura e tiña unha decoración cargada, con cortinas de veludo vermello, armas penduradas na parede, tapices, armaduras, escudos e cadros da súa familia. A luz era vermella e no cabeceiro da cama tiña unhas grandes serpes talladas en madeira. É por iso que algunhas das poucas persoas que puideron entrar —non llo permitía a moita xente— din que parecía *"como as casas das bruxas".*

Carmiña era amante dos animais, *"non facía mal nin a unha formiga, ela sentía por todos os bichos" (Matilde).* Así, compartiu este fogar cunha tartaruga, varios gatos e sete cans aos que coidaba, quería e alimentaba como se fosen persoas. Unha das súas veciñas recórdaa preocupada berrando polo Colón ou o Ruso, cans que lle marchaban e ela buscaba a todas horas até que aparecían.

En Pidre estableceu, en xeral, boas relacións coa veciñanza. Estaba moito fóra da casa, na leira. Cando ía bo cociñaba sobre unhas grandes lousas de pedras, nas que facía, entre outros pratos, unha riquísima tortilla de pan que non lle quedaba outra que compartir cun dos veciños máis miúdos, que aparecía por alí así como sabía que a estaba a facer.

Sumas, restas e multiplicacións

A señorita Carmiña non tiña formación como mestra pero compensábao por ter tido unha boa educación e moita man cos máis pequenos. Pais e nais, a pesar do diferente que ela era, non dubidaban en mandarlle ás crianzas para aprender a sumar, restar, multiplicar ou cubrir un libriño cun silabario.

As clases eran mixtas, polo que nenas e nenos que na escola estaban separados, xuntábanse na casa de Carmiña. Parte da rapazada ía en grupo desde a taberna que había antes da ponte

4

5

6

7

Malvar. Carmiña esperaba na entrada da súa leira e se facía bo tempo daban clase baixo a sombra dunha pereira, nunha aula ao aire libre que creara Carmiña con bancadas altas e mesa de casqueiros e un peche feito de canas. *"Para os nenos era un lugar máxico" (Juan José).*

O seu alumnado lémbraa como unha mestra recta pero agarimosa e xenerosa, que non lles cobraba ás crianzas máis pobres. Con ela aprenderon tamén a convivir, a ser tolerantes e respectuosos. *"A señorita Carmiña foi unha fonte onde eu aprendín a poñer eses valores en práctica dende ben pequeno" (Juan José).*

A soidade como refuxio

Cos anos, Carmiña enfermou e foi perdendo mobilidade debido a unha coxeira que tiña desde había tempo. Foi por iso que a súa curmá Uca e o seu marido, o xornalista Manuel Blanco Tobío, decidiron que vivira con eles, de novo en Lérez. Co tempo ficou ao coidado da súa veciña e doutra curmá, Miña, pois eles marcharon a Madrid.

Pouco a pouco Carmiña refuxiouse nunha soidade que rompía a rapazada da zona, coa que pasaba algún tempo. *"Iamos con ela aos niños dos paxaros... colliamos os ovos e ela comíaos. Tamén iamos a Monteporreiro e collíamos plantas de árbores que despois ela plantaba na finca da casa. Ata plantaba mimosas bravas. Gustáballe ter de todo!" (Ramiro).*

Xa nos últimos anos rodeouse case en exclusiva dos seus cans e gatos, a compaña que máis lle prestaba. Morreu en agosto de 1998. No funeral acompañárona a pé, como xa non se adoitaba facer, desde a súa casa á igrexa de Lérez.

Tras varios anos do seu pasamento a señorita Carmiña mantense na memoria das persoas que a coñeceron como unha muller adiantada ao seu tempo, excéntrica, moi culta, intelixente, extravagante, muller de armas tomar, unha persoa con moito carácter, moi boa persoa, estrafalaria, de bo corazón e de estilo salvaxe.

Fotografías:

① A señorita Carmiña coa súa bicicleta, en Pontevedra.

② Carmiña coa veciña Rosa Solla, en Pidre, Cerponzóns, cca. 1962

③ Día de Entroido, diante da casa de Rosa Solla. A Señorita Carmiña no medio, á súa dereita e esquerda, con gorros de disfrace, Moncho e Lito (fillos de Rosa Solla), e outras crianzas da veciñanza. Pidre, Cerponzóns, cca. 1962

④ Detalle dos debuxos de Carmiña na porta de entrada á casa de Pidre, Cerponzóns.

⑤ Escaleira do patín da casa de Pidre, Cerponzóns.

⑥ Debuxo feito por Carmiña no exterior da casa na que impartía aulas en Pidre, Cerponzóns.

⑦ Exterior da casa de Carmiña en Pidre, Cerponzóns, na actualidade.

Este texto foi elaborado por *MaOs Innovación Social, S. Coop. Galega,* que forma parte do equipo de *A Memoria das Mulleres,* a partir das entrevistas feitas a varias persoas das parroquias de Lérez e Cerponzóns: Miña, Matilde, Constante, Rosa, Juan José, Xaime e Ramiro. Agradecementos especiais á *Asociación de Veciños de Cerponzóns,* a Comba Campoi e a Miña, curmá de Carmiña.

a memoria das mulleres

CONCELLO DE
PONTEVEDRA
Concellaría de Patrimonio Histórico